

Resolución do 25 de decembro de 2017, da Comisión de selección para a provisión dunha praza de técnico/a provincial, convocada por resolución do 21/07/2017, pola que se fai pública a plantilla de resultados, e se abre o período de reclamacións.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas de técnico/a provincial, de conformidade co establecido nas bases que rexen o proceso, entre outros temas,

ACORDA:

Publicar a plantilla de resultados da Proba de coñecementos.

De conformidade co establecido na base oitava, acorda publicar a plantilla de resultados da Proba de coñecementos.

Os/As aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para posibles reclamacións contra a mesma por parte dos/as aspirantes.

As reclamacións dos/as aspirantes, só poderán ser presentadas:

- Nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, de Santiago de Compostela (A Coruña):
 - de luns a xoves: de 09:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 18:00 h
 - venres: de 09:00 h a 14:00 h
- Nas oficinas das delegacións provinciais, de luns a venres, en horario de 09:00 h a 14:00 h. Estas atópanse nos seguintes enderezos:
 - Estrada N-VI, Km 581, Guísamo - Bergondo (A Coruña)
 - Polígono industrial do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17; Lugo
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), parcela 1-G, nave 3, San Cibrao das Viñas (Ourense)
 - Lg. Cabanas – Salcedo, 54; Pontevedra

O derradeiro día de presentación de reclamacións será o venres, 27 de outubro.

A presentación de reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases, consideraranse –a todos os efectos- como fóra de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2017

Martín Martínez Abal



Presidente da Comisión